

Tarefas de Historia de 2º da ESO para a semana do 30 de marzo ao 3 de abril

Bos días alumnas e alumnos. Veña, que xa vamos pola terceira semana de confinamento e aínda estamos aquí, resistindo! Espero que tanto vós coma as vosas familias estedes ben. Iso é o máis importante, non o esquezades, dacordo. E, na medida das vosas posibilidades, aproveitade tamén para repasar un pouco as diferentes materias. Moitas gracias, campeóns e campeonas!!!

Ben, esta semana imos ver un pouquiño diso que se chamou o feudalismo e que, como xa saberedes ou lembraredes cando fagades as tarefas, é, tal vez, aquilo que máis relacionamos con esa época que se chama Idade Media, certo?

Entón, como no tema anterior, gustaríame que neste (o número 3 do voso libro) obrárades do mesmo xeito:

- Poñedes o título do tema
- Copiades a introducción da páxina da portada, así como o mapa que leva por título O mundo feudal no século XI
- Facedes todas!, as actividades que aparecen nas páxinas 62 e 63 (inclusive a do castelo medieval)
- Lede a sección que se titula Viaxa ao pasado. Desta vez imos coñecer a Rodrigo, un futuro cabaleiro
- E para rematar, se queredes, podedes ver por internete un pequeno video colgado en you tube de unha película, “El señor de la guerra” (1965), que amosa moi ben en imaxes o que foi aquel mundo feudal. Ademáis, así tamén podedes ver como eran aqueles pelis clásicas: nada que ver cos efectos especiais das pelis de agora. Pero molaban!!!

E iso é todo para esta semana, queridos alumnas e alumnos. Moito ánimo e moita paciencia!

David, profe.